


Declaración da **Comisión** **Promotora**



Sumar Galicia é un espazo amplo que acolle a persoas e organizacións que comparten os valores do progresismo, o recoñecemento nacional de Galicia nun Estado plurinacional e a promoción dos dereitos humanos nos eidos sociais, políticos, culturais e institucionais.

1 Sumar Galicia é un movemento democrático que quere ensanchar os mecanismos de participación da cidadanía nos eidos políticos, sociais, económicos e culturais.

2 Sumar Galicia aposta pola defensa dos ideais de progreso e benestar social, recoñecéndose na tradición da esquerda democrática e nos valores da igualdade e da xustiza social.

3 Sumar Galicia constrúe unha proposta política feminista que defende a igualdade real e efectiva, e que entende que o feminismo é unha ferramenta fundamental de transformación social.

4 Sumar Galicia defínese a si mesma como ecoloxista, entendendo a urxencia dunha transición ecolóxica xusta que faga fronte á emerxencia climática.

5 Sumar Galicia defende o recoñecemento legal e institucional da plurinacionalidade do Estado. Polo tanto, recoñecemos o carácter nacional de Galicia dende unha posición voluntarista propia do galeguismo progresista, apostando polo impulso da lingua e da cultura propias, así como polo reforzamento político e competencial das nosas institucións de autogoberno.

6 Sumar Galicia como plataforma europeísta promove un modelo social europeo aberto e baseado na solidariedade como eixo fundamental para a construción de cidadanía europea.

Nesta situación, a necesidade de Sumar Galicia vén dada polas seguintes circunstancias:

- 1 Mala xestión do goberno do PP nestes últimos 15 anos.
- 2 A necesidade de sumar esforzos ampliando o espazo progresista e definindo un proxecto para a próxima década.



Contexto político no noso País

A necesidade de Sumar Galicia

O proxecto político do Partido Popular en Galicia, con Alfonso Rueda á cabeza, atópase esgotado. O PPdeG e o presidente da Xunta sitúanse fóra da realidade do país, cun goberno que funciona en base a automatismos, sen rumbo e por inercia. Non existe impulso político, nin novas ideas nin novos proxectos, e o país que nos deixan é substancialmente peor ao que recibiron no ano 2009, hipotecando o futuro de vindeiras xeracións.

+

En datos de emprego, en calidade de vida, en peso específico de Galicia no conxunto do Estado, ademais de noutros moitos indicadores, estamos, comparativamente, peor que hai que 15 anos. Igualmente, Galicia perde poboación e non existe o dinamismo económico necesario para reverter esa situación.

+

As políticas de recortes dos servizos públicos, aplicadas durante os gobernos do PP, teñen provocado que un de cada catro galegas ou galegos vivan en situación de pobreza ou risco de exclusión social, alcanzando esta cifra o 34% no caso da infancia, xuventude e mulleres.

✚ Alberto Núñez Feijóo e Alfonso Rueda deixan unha Galicia máis cativa no seu autogoberno, e non só por non ter acadado nin unha soa competencia durante todas estas lexislaturas, senón pola súa nula vontade política de exercer o autogoberno e dignificar as institucións propias.

✚ Igualmente, a política do PP nos servizos públicos segue estando caracterizada polos recortes e privatizacións, de forma moi acusada na sanidade. SOS Sanidade Pública leva máis dunha década alertando do colapso das urxencias, dos poucos minutos por paciente que ten cada sanitario ou sanitaria, das listas de agarda nas especialidades ou da incapacidade de poder atender as 24 horas nalgúns centros de saúde comarcais.

✚ De igual forma, durante a última década e media non existiron políticas públicas de vivenda. Na actualidade atopámonos con alugueiros completamente inasumibles para a maioría das persoas traballadoras, especialmente para as mozas. Fronte a esa realidade, unha Xunta de Galicia que se nega a aplicar os instrumentos lexislativos ao seu dispor para autorizar unha mínima intervención nos prezos nas zonas urbanas con mercado tensionado. Por se isto fose pouco, o goberno galego non entregou practicamente vivendas públicas na última década, cunha porcentaxe irrisoria sobre o conxunto total do parque e moi lonxe da media da UE.

✚ A CRTVG está sendo sometida a unha terrible manipulación denunciada polos seus traballadores e traballadoras a través dos venres negros, utilizada como órgano de propaganda do presidente da Xunta e dos seus conselleiros e conselleiras, e como ferramenta para arremeter contra o goberno do Estado. A Xunta de Galicia e o PP non defenden a legalidade, pois non respectan a lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia aprobada hai máis de 10 anos.

✚ A situación dos concellos galegos non mellorou nestes anos de Partido Popular. Os seus problemas xa son crónicos, cun exceso de competencias e falta de financiamento, ademais de que segue a perpetuarse un modelo de

goberno caciquil: a rede que o PP emprega para beneficiar os concellos onde goberna e prexudicar aqueles nos que non o fai.





Un proxecto para a próxima década

Ante isto, Sumar Galicia ten un PROXECTO PARA A PRÓXIMA DÉCADA co obxectivo de gobernar Galicia para poñer en marcha políticas útiles e para construír un futuro máis xusto e máis libre.

+ Reforzando a seguinte idea: “pensar e facer para avanzar”. Estamos convencidas de que as políticas que melloran a vida das persoas son aquelas que nacen das necesidades reais e asumen a intelixencia colectiva como a mellor das intelixencias, conectando cos desexos e anhelos da vida cotiá.

+ Reforzando a idea de que o diálogo, a negociación e o acordo son as mellores ferramentas de acción política e de que isto non implica a perda das conviccións propias, senón que asume que a acción política ten que sustentarse nas maiorías sociais, transcendendo os límites tradicionais doutras experiencias políticas transformadoras.

Este proxecto conta con todos os ingredientes necesarios para o seu éxito:

- A necesidade de que Galicia conte cun novo contrato territorial.
- A oportunidade de tecer un espazo político amplo e novo.
- A intelixencia para facelo sumando e construíndo unha alternativa programática.
- A certeza da posibilidade do cambio político en Galicia
- A convicción de que a cidadanía merece un goberno á altura das súas necesidades.

Por iso apelamos á **NECESIDADE** de que Galicia conte no novo contrato territorial. Sabemos que algunhas persoas van renunciar a participar, pero nós non. Galicia debe estar presente no novo contrato territorial que se vai dar no Estado e a aposta de Sumar Galicia é clara: o Estado español é plurinacional e as implicacións disto van moito máis alá da diversidade lingüística e cultural. A

plurinacionalidade ten implicacións políticas que nos toca encher de contido falando de máis autogoberno e de novas competencias, camiños imprescindibles para un maior benestar. Queremos concretar colectivamente a vontade de construír un Estado en rede, non só que descentralice dende o punto de vista administrativo, senón que exista unha verdadeira descentralización política.



Igualmente, observamos a **OPORTUNIDADE** de tecer un espazo político amplo e novo, que recolla o mellor das experiencias e dos capitais políticos que existen pero que innove na acción política, profundando no diálogo e no acordo como ferramentas para o avance colectivo, cunha clara e inequívoca vocación de goberno e que non teña medo a se facer cargo da Galicia real. Un espazo que teña claras as prioridades, que pense, investigue, deseñe e avalíe políticas públicas e novos programas co obxectivo de mellorar as condicións materiais de vida dos e das galegas. Un espazo que recupere o valor das liberdades e no que a igualdade real e material impregne todas as nosas accións.



Acreditamos na **INTELIXENCIA** para facelo sumando e construíndo unha alternativa programática. As mesas de debate e os procesos de escoita que impulsa Sumar Galicia para construír un proxecto de país poñen o foco en diversos aspectos relevantes que deben ser prioridades políticas nun futuro programa de goberno.



Estamos a elaborar un programa de goberno porque temos a certeza da **POSIBILIDADE** do cambio político en Galicia. Un cambio que só será posible se toda a cidadanía se mobiliza. O modelo de Feijóo e Rueda está acabado e Sumar Galicia será o detonante do cambio. Como se puido comprobar nas pasadas eleccións xerais, Sumar Galicia pode ensanchar o espazo de progreso no país. E farémolo de novo, coa firme vontade de promover o encontro e a cooperación entre todas as organizacións progresistas.

E farémolo, ademais, coa **CONVICCIÓN** de que a cidadanía galega é brillante. As nosas industrias culturais, as nosas traballadoras, as nosas empresas, os nosos científicos e científicas son brillantes. E sono a pesar do seu goberno e non grazas a el. Temos a convicción de que o PP perderá as próximas eleccións como tamén as perdeu Feijóo no Estado, pois este país desexa un goberno á súa altura.





Eleccións galegas

Sumar Galicia aposta por concorrer ás próximas eleccións galegas coa firme convicción de que a súa presenza ensancha o espazo progresista, tal e como se puido observar nas pasadas eleccións xerais do 23-X, ademais de facilitar un cambio de goberno na Xunta de Galicia. Reforzando a seguinte idea: “pensar e facer para avanzar”. Estamos convencidas de que as políticas que melloran a vida das persoas son aquelas que nacen das necesidades reais e asumen a intelixencia colectiva como a mellor das intelixencias, conectando cos desexos e anhelos da vida cotiá.

Programa electoral

O programa electoral terá un carácter participativo a través dun continuo “proceso de escoita” con sectores profesionais, asociacións, sindicatos, inscritos e inscritas e a cidadanía en xeral, impulsado politicamente pola Comisión Promotora e organizado en base a temas de debate. Este “proceso de escoita” tense que dar necesariamente de forma descentralizada, co obxectivo de incorporar unha visión panorámica de todo o país. En todo caso, a Comisión Promotora entende como prioritarios os seguintes puntos a nivel programático, sendo necesaria a súa ampliación e concreción:

1

Un Estado do Benestar avanzado

Uns servizos públicos fortes son un dos sinais de identidade de Sumar Galicia. Sanidade, educación, servizos sociais, coidados ou atención á dependencia deben ser fortemente financiados pola Xunta de Galicia, ampliando persoal (médico e profesorado incluídos), mellorando a carteira de servizos (saúde bucodental; fisioterapia e saúde mental cun marco normativo propio e que, a súa vez, reforce as equipas de atención

psicolóxica na sanidade pública) e ampliando os dereitos da cidadanía. Tamén reforzar a prestación pública de servizos sociosanitarios hoxe privatizados: atención á dependencia, atención á drogo-dependencia ou atención temperá. Os poderes públicos deben ser garantes das políticas de benestar, que deben estar fóra da lóxica do mercado. E para garantir isto precisamos dunha fiscalidade xusta e cunha maior progresividade. É urxente

reordenar os tributos propios e reverter as bonificacións fiscais aos máis ricos (impostos de patrimonio e sucesións) aprobadas polo PP.

2

O feminismo no centro

Pasar dunha Secretaría Xeral a unha Consellería de Igualdade, outorgando ás políticas públicas de igualdade a relevancia que merecen. Entendemos o feminismo como unha aposta transversal que debe ser motor de todas as políticas públicas, sen esquecer as accións específicas. É preciso reforzar as políticas de conciliación, unha verdadeira rede pública de coidados e a loita contra as violencias machistas, mais é tamén imprescindible poñer o foco na educación, coa vontade de converter os principios do feminismo en hexemónicos, interpelando á maioría da sociedade.

3

Emprego e dignidade laboral

Ademais de valorizar a suba do SMI e unha reforma laboral que provocou que milleiros de galegos e galegas atoparan emprego estable, a clase traballadora galega precisa que o conxunto de reformas emprendidas e propostas para a mellora das condicións de traballo teñan na Xunta de Galicia un axente activo. Precisamos dun goberno comprometido coas necesidades das traballadoras e traballadores e na loita contra os abusos e os incumprimentos. No exercicio das súas competencias como empregadora, e tamén como contratista e licitadora, a Xunta deberá ser exemplo avanzado nos dereitos e na dignidade laboral. Entendemos que o tempo de vida será (está a ser) unha das grandes loitas do futuro inmediato. Ademais da redución da xornada laboral impulsada por Sumar no conxunto do Estado, precisamos unhas institucións

galegas que, en diálogo cos sindicatos e a patronal, impulsen novos convenios colectivos que profunden nesa redución e poñan en valor o tempo coma un ben escaso e imprescindible para termos vidas máis dignas, libres e felices.

4

A Vivenda, un dereito

A política de vivenda pública da Xunta de Galicia na última década foi inexistente e polo tanto culpable de que amplas capas sociais foran excluídas do dereito á vivenda. A porcentaxe de vivenda de promoción pública en Galicia está moi lonxe da media da UE. Cómpre crear unha verdadeira oferta de vivenda pública, principalmente orientada a persoas novas, mulleres vítimas da violencia machista ou persoas en risco de exclusión social. De igual forma, é importante impulsar programas enfocados á rehabilitación de vivendas en vilas e no rural para fomentar o

re-equilibrio territorial e que a mocidade poida emprender. Igualmente, cómpre buscar solucións habitacionais públicas para as nosas persoas maiores, hoxe abocadas a un sistema residencial privado que lles obriga a desfacerse de todo o seu patrimonio para custealo. Un sistema privatizado que, ademais, se sitúa fóra do control da administración pública.

5

Un rural galego vivo

Reforzamento dos servizos básicos no rural (apostando polos multicentros e por repensar o proceso educativo). Incorporar a fisioterapia ou a psicoloxía nun rural con grande envellecemento da poboación. Ordenación do sector forestal, gandeiro e agrícola coa intención de recuperar poboación. Sistemas de cooperativas eficaces para favorecer a comercialización e o desenvolvemento do tecido produtivo

secundario. Reverter a perda de poboación e combatela con medidas de atracción de talento e axudas directas á creación de empresas en espazos con intenso declive demográfico. Apoios directos ás pequenas producións que son as que manteñen a vida e a biodiversidade produtiva no territorio. Apoio ás incorporacións no sector primario, coa petición das correspondentes reformas na PAC. Reforma da filosofía e funcionamento dos GDR, que xestionan boa parte dos fondos europeos destinados ao rural, aumentando a participación social e primando os proxectos produtivos sustentables.

6

Autogoberno nacional

A defensa da plurinacionalidade do Estado non debe ser unha cuestión estética, senón que debe concretarse en demandas políticas concretas.

Queremos apurar o marco competencial actual e establecer unha axenda clara de novas transferencias. Así mesmo, apostamos pola creación de novos instrumentos financeiros, económicos e sociais de carácter público que contribúan a fortalecer o noso autogoberno. Queremos que Galicia sexa estratéxica na gobernabilidade do Estado e que participe activamente na toma de decisións políticas nas institucións comunitarias. É necesario converter a Xunta no motor das políticas transformadoras e de cambio.

7

Lingua

Ademais da positiva reforma do Regulamento do Congreso dos Deputados impulsada por Sumar, que valoriza a nosa lingua e cultura, débese deseñar unha nova política lingüística que sexa quen de mudar a situación de

perde de falantes da lingua galega, apostando por un modelo de inmersión lingüística que reforce o seu uso nas primeiras etapas educativas.

8

Cultura e patrimonio

Promover o acceso da cultura a cidadanía. Procura de mellores condicións laborais para as traballadoras e traballadores da cultura e espectáculos, cun pleno desenvolvemento do Estatuto do/a Artista. Apoio decidido ás industrias culturais galegas.

9

Industria

Galicia perdeu milleiros de empregos industriais ante a pasividade da Xunta. Galicia debe contar cunha estratexia industrial propia participada polos nosos interlocutores económicos e sociais, mais tamén coordinada coas novas

políticas e estratexias europeas e estatais, atendendo especialmente as nosas potenciais singularidades produtivas, nos ámbitos agropecuarios, do mar ou forestais, e fomentando a economía social. Impulsar unha industria verde en Galicia, capitalizando a urxencia de combater a emerxencia climática e xerando oportunidades de emprego sostibles.

10

Enerxía, eficiencia no consumo de recursos, e redución das emisións de CO₂

O noso crecemento económico debe ir parello cun impacto positivo no medio ambiente, potenciando a produción de enerxías mais limpas, que reduzan as emisións á atmosfera e os custos enerxéticos, e cun menor consumo de recursos naturais, xerando máis valor, consumindo menos. Dotar de competencias reais o INEGA.

11

A tripla transición en Galicia

Galicia debe afrontar a tripla transición (dixital, ecolóxica e socioeconómica) dunha forma xusta e equitativa, sendo consciente de que a Xunta de Galicia ten competencias para poder facelo viable. O cambio climático e o colapso ambiental afectará ao noso sistema produtivo, ás nosas rías, aos nosos montes, cun esgotamento de recursos naturais que tamén afectará á distribución da riqueza. Cómpre, polo tanto, un “novo pacto verde” en base a unha visión galega do territorio e dos recursos. Queremos un tecido público autonómico emprendedor, que lidere as tres transicións.

12

Unha Galicia diversa

En Galicia merecemos ter unha lei na que se protexan todos os dereitos e a

diversidade das persoas LGTBIQ+ e coa que se garanta a desaparición do odio e das terapias de conversión. Precisamos construír unha Galicia máis inclusiva e respectuosa coa diversidade sexual e de xénero. Queremos ampliar e desenvolver a Lei 2/2014, da man de todas as entidades e asociacións LGTBIQ+. Garantiremos a protección do dereito á saúde física, mental, sexual e reprodutiva das persoas trans, así como a defensa das súas oportunidades laborais para loitar contra a vulnerabilidade e discriminación que sofren na nosa sociedade, unha situación que ameaza a súa saúde e benestar e limita o seu dereito ao libre desenvolvemento da personalidade e á creación dun proxecto vital propio. Tamén apostamos polo recoñecemento das identidades non binarias e inclusión da diversidade sexual e de xénero nos contidos da CRTVG.

13

Ciencia, Tecnoloxía, Innovación e Universidades

Creación dunha Axencia Galega de Ciencia e Innovación (como versión mellorada da GAIN) que centralice todos os aspectos referidos aos marcos de cooperación entre actores (HUBS, IGAPE, Universidades, Institutos, ACSUG, grupos de investigación e empresas), a captación e xestión de fondos europeos e estatais así como o establecemento dun fondo estratéxico de carácter específico cunha visión netamente galega, orientada á captación de talento.

14

Ordenación de territorio, infraestruturas e mobilidade

Débese entender a Galicia como un todo, tanto a trama urbana das sete cidades, así como a visión vilega e do

rural. En base a esa concepción unitaria tense que artellar o territorio, sabendo combinar as nosas potencialidades coas do Norte de Portugal. Débense fomentar as estruturas supramunicipais e metropolitanas que potencien unha planificación territorial ordenada que sume sinerxias urbanas, repensando a duplicidade de servicios periféricos da Xunta e das Deputacións para unha articulación interior máis forte e simplificada. A conexión interna e por ferrocarril deben ser unhas das prioridades de Sumar Galicia (tren de proximidade para as áreas metropolitanas e entre cidades), non só mellorando frecuencias, senón tamén xerando unha mobilidade que teña en conta persoas e mercadorías, así como portos e aeroportos. Neste sentido, cremos que xa basta dos parches á mobilidade do noso País. Pedimos a nacionalización da AP-9 para convertela en gratuíta. Precisamos un plan de mobilidade para todo o país que teña en

conta persoas e mercadorías, así como portos e aeroportos. Mediante unha empresa pública de mobilidade, e en colaboración cos concellos, artellaremos unha estratexia de transporte público en autobús que responda ás necesidades e demandas reais da cidadanía. Promoveremos a posta a disposición de sistemas públicos de alugueiro de bicicletas en todos os núcleos urbanos do país, fomentando as peonalizacións e os medios de transporte alternativos ao vehículo privado.

través da redución das taxas e das mellora das bolsas; en segundo termo, unha política de lecer centrado na mellora da mobilidade nocturna e na mellora das actividades lúdicas, culturais e deportivas; finalmente, un “Plan de Emprego Xuvenil” con accións específicas destinadas á inserción laboral, acompañado doutras medidas como o Estatuto do Bolseiro, que mellore as condicións laborais.



15

Mocidade

Os mozos e mozas de Galicia precisan de políticas á altura das súas necesidades. Neste sentido, Sumar Galicia propón tres grandes bloques de medidas para a mocidade. Unha política formativa, con mellora na accesibilidade á formación universitaria e profesional a

Asinan

- 1** Paulo Carlos López López **VOCEIRO**
Betanzos
- 2** Gloria Alonso Domínguez
Vigo
- 3** Jesús Araujo Nores
Gondomar
- 4** Carlos Ares Pérez
A Coruña
- 5** María do Pilar Barros Barco
O Carballiño
- 6** Manuel Barreiro Rozados
Teo
- 7** Pablo Calviño Tato
Vedra
- 8** Dolores Caramés Hermo
Noia
- 9** Alicia Carrera Castaño
Teo
- 10** Carme Casado Casado
Santiago de Compostela
- 11** Juan Díaz Villoslada
A Coruña
- 12** Elisa Fernández Ferreiro
San Xoán de Río
- 13** Aida Ferreiro Galbán
Vilanova de Arousa
- 14** José Ángel Fernández Holgado
Vigo
- 15** Laura García Parada
Vigo
- 16** Francisco Gómez García
A Coruña
- 17** Alfredo Manuel González López
Corcubión
- 18** Mercedes González Pazos
O Barco de Valdeorras
- 19** Marilar Jiménez Aleixandre
Santiago de Compostela
- 20** Manuel Lago Peñas
Vigo
- 21** Elvira Landín Aguirre
Vigo
- 22** Víctor Ledo Estévez
Ferrol
- 23** Marta Lois González
Santiago de Compostela
- 24** María Xosé López Fernández
Vigo
- 25** Verónica Martínez Barbero
Baiona
- 26** Henrique Monteagudo Romero
Ames
- 27** Noa Morales Sánchez
Santiago de Compostela
- 28** Alberte Muíño Naveira
Betanzos



29 Amparo Novo Vázquez
Lugo

30 Rocío Núñez Rúa
Cangas do Morrazo

31 Iván Olmos Ferreiro
Xinzo de Limia

32 Sara Outeiral Cameán
A Pobra do Caramiñal

33 Trinidad Palacios Raposo
A Coruña

34 Daniel Paradela Dosil
Noia

35 Luisa Pasín Mato
Santiago de Compostela

36 Mónica Peralba Portela
Mondariz

37 Mabel Pérez Simal
Pontevedra

38 Mar Pichel Montes
Fornelos de Montes

39 Silvia María Pinal Seoane
Ponteceso

40 Xosé Lois Piñeiro García
A Pobra do Caramiñal

41 José Antonio Rodríguez Añón
Viveiro

42 María Rodríguez Vázquez
Carballedo

43 Estevo Sánchez Gálvez
O Grove

44 José Manuel Sande García
A Coruña

45 Ramón Sarmiento Solla
Vigo

46 Manuel Seijas Caamaño
Noia

47 Esther Sobrado Janeiro
Ourense

48 Jorge Suárez Fernández
Ferrol

49 Pere Tobaruela Martínez
Rois

50 Néstor Vázquez Mariño
Vigo

